



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMARIÑAS E A "ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS PARA O FINANCIAMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES DURANTE O 2025

En Camariñas, a ... de novembro de 2025.

REUNIDOS

Dunha parte a Alcaldesa do Ilmo. Concello de Camariñas, Dona Sandra Insua Rial, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Dona M^a Olga Campos Sánchez, con DNI 76349929A que ostenta a Presidencia/representación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS con CIF G15734999, cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que a tal efecto.

EXPOÑEN

O Concello de Camariñas considera de gran interese potenciar as actividades que realizan as asociacións empresariais do Concello de Camariñas e que redundan nos negocios locais do concello, no turismo e na defensa dos consumidores.

Que sendo os obxectivos sinalados de marcado interese público e social, é propósito de ámbalas dúas partes colaborar na consecución e logro das mesmas polo que subscriben o presente convenio con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

PRIMEIRA.- Que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS está interesada en recibir unha achega por parte do Concello de Camariñas co obxecto de poder sufragar parte dos gastos que implica a realización das actividades relacionadas co seu fin.

SEGUNDA.- Que o Concello de Camariñas está interesado en colaborar co financiamento das actividades que realiza dita entidade, sendo un dos retos deste Concello mellorar o tecido empresarial do Concello, procurando ademais que as actividades redunden na promoción do turismo e da defensa dos consumidores, todo elo dentro da competencia xenérica do Ilmo. Concello de Camariñas para satisfacer todo tipo de necesidades veciñais que lles outorga o artigo 25.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRA.- Que no Orzamento aprobado polo Pleno do Ilmo. Concello de Camariñas para o exercicio 2025 recóllese a aplicación orzamentaria para o outorgamento da subvención, a **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS por importe de 4.000,00 €** a cal articularase, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.

CUARTA.- Tal e como consta na consideración anterior, o Concello contribuirá ao financiamento dos gastos de organización das actividades da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS cunha achega máxima de 4.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100%, debendo o gasto xustificado acadar como mínimo dita cantidade.

O importe da subvención municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 432.48000.

Os gastos subvencionables son aqueles que se vinculen directamente á organización das actividades da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS e que se teñan realizado no exercicio 2025 (cursos, excursións, seguros de responsabilidade civil, gastos de actuacións culturais, espectáculos). Tamén serán subvencionables gastos de alugueres, de persoal,.....necesario para poder desenvolver a súa actividade.

Non se financiará o funcionamento ordinario da asociación tales como subministros



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

de enerxía, material de oficina, equipamentos ou outros gastos de carácter ordinario, tampoco os que teñan carácter de investimento (mobiliario,...), os gastos financeiros, gastos de adquisicións de bens destinados á venda, gastos derivados das atencións protocolarias (atencións persoais, trofeos, medallas, gastos en galas ou celebracións,...), gastos derivados de viaxes de ocio, gastos suntuarios.....

QUINTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

A subvención do concello é compatible con outras axudas, públicas ou privadas, que a asociación obteña para a mesma finalidade , sempre que o seu importe, xuntamente co importe da axuda concedida polo concello non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega do concello no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao parágrafo anterior.

SEXTA.- PUBLICIDADE

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre a colaboración do concello.

Coa xustificación achegarase os documentos acreditativos do cumprimento desta obriga.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN

O importe da subvención farase efectivo unha vez que a entidade presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da entidade, indicando as actividades realizadas.
- Documentos que acrediten a efectiva realización da actividade(a título de exemplo: fotografías, facturas ...)
- Relación de gastos no que se indique acredor, NIF, data de factura e importe.
- Facturas xustificativas dos gastos.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

No caso de facturas de importe superiores a 1.000,00€ documento xustificativo do pagamento. No resto das facturas deberá figurar na factura coma pagada, ou xustificante da transferencia.

- Documentos nos que se acredite a publicidade da colaboración do concello.
- Declaración que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención. (ANEXO I)
- Certificado ou declaración responsable de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Camariñas. (ANEXO I)
- Certificado ou declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social. (ANEXO I)
- Certificado de estar ao corrente coa facenda estatal (poderá ser substituída por unha autorización para a súa consulta ANEXO II)
- Certificado de estar ao corrente coa facenda autonómica, (poderá ser substituída por unha autorización para a súa consulta ANEXO II)
- Certificado de estar ao corrente coa seguridade social, (poderá ser substituída por unha autorización para a súa consulta ANEXO II)
- Declaración que non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas. (ANEXO I)
- Declaración de atoparse ao corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións. (ANEXO I)
- Unha declaración de que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria. (ANEXO I)
- Certificado de titularidade bancaria

En caso de que a xustificación se realice mediante documentos substitutivos de facturas deberá poñerse de manifesto as razóns polas que non se pode xustificar o gasto con facturas. A apreciación deste feito será realizada polo órgano que aprobe a xustificación. En caso de que non este conforme coa xustificación requirirá a Asociación de Profesional de Empresarios Promoción



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Turística de Camariñas a que presente outra xustificación de acordo co establecido na lexislación pertinente.

Se a xustificación non alcanza a cantidade mínima necesaria para realizar o pago da cantidade concedida, esta se reducirá proporcionalmente á cantidade xustificada.

O pagamento realizarase unha vez presentada a xustificación. O prazo máximo para a xustificación será o 3 de decembro deste ano.

OITAVA.- As actividades que son obxecto de financiamento realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 3 de decembro de 2025.

Unha vez asinado este convenio, a entidade deberá presentar a documentación xustificativa á que fai referencia a consideración sétima antes do 4 de decembro.

A falta de xustificación neste prazo dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

NOVENA.- A entidade destinará os fondos recibidos ao pagamento de xustificantes de gasto presentados.

Toda alteración das condicións recollidas neste convenio, e en todo caso a obtención concorrente doutras subvencións, deberá ser comunicada con carácter inmediato ao concello podendo supor a modificación do convenio.

DÉCIMA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Camariñas.
- As Bases de Execución do Orzamento do Iltmo. Concello de



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Camariñas para o ano 2025.

- Con carácter supletorio o Dereito Administrativo.

UNDÉCIMA.- A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS queda expresamente comprometida/o e coñece todo o establecido nos Títulos II, III e IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ao reintegro de subvencións, control financeiro de subvencións e infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

DUODÉCIMA.- Este Convenio ten carácter administrativo.

Conforme co mesmo o asinan as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

A ALCALDESA DO CONCELLO
DE CAMARIÑAS

A PRESIDENTA DA
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS ...

Asdo: Sandra Insua Rial

Asdo: M^a Olga Campos Sánchez

ANEXO I

Entidade		CIF	
Representante		NIF	
Domicilio fiscal		Municipio	

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Provincia	Código Postal	Teléfono	Correo electrónico
-----------	---------------	----------	--------------------

DECLARO BAIXO MIÑA RESPONSABILIDADE QUE A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS ... QUE REPRESENTO:

- NON se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención. (ANEXO I)
- ESTÁ ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Camariñas.
- ESTÁ ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social
- NON ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
- TEN solicitada/ concedida outra axuda para a mesma finalidade, por importe de coa entidade.....
- ESTÁ ao corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións.
- O custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.

En Camariñas.

ASDO:

ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR CERTIFICADOS TRIBUTARIOS E DE SEGURIDADE SOCIAL

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

D./Dna. _____, con DNI/NIE _____, en calidade de representante legal de _____ con NIF _____, con sede en _____.

☐ AUTORIZO o Concello de Camariñas con NIF P1501600I a solicitar en nome da asociación o certificado dixital de estar o corrente coas obrigas fronte á Seguridade Social e o certificado dixital de estar o corrente coas obrigas tributarias, durante toda a tramitación da axuda solicitada e su xustificación económica, no caso de que se conceda a axuda.

☐ NON AUTORIZO o Concello de Camariñas con NIF P1501600I a solicitar en nome da asociación o certificado dixital de estar o corrente coas obrigas fronte á Seguridade Social e o certificado dixital de estar o corrente coas obrigas tributarias, os cales adxunto á presente solicitude. - Certificado de atoparse o corrente fronte á Seguridade Social. - Certificado de atoparse o corrente coa Axencia Tributaria.

E para que así conste, asino dixitalmente a presente autorización